


A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 30 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 39971 (10/POC-006234)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis
Sobre a valoración e os datos referidos á cobertura informativa dada pola CRTVG á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018
- 1.2 39977 (10/POC-006237)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as razóns da intensificación nos últimos meses das protestas dos traballadores da CRTVG referidas á xestión que está a levar a cabo a actual Dirección da Corporación, así como a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018
- 1.3 40280 (10/POC-006280)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 3 máis
Sobre as previsións da CRTVG respecto da asunción das demandas do persoal referidas ao remate das inxerencias políticas, a constitución do Consello de Informativos, o cumprimento da Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a recuperación da produción interna propia, a ampliación do cadro de persoal e a reapertura das delegacións de Burela, Pontevedra e Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 387, do 22.11.2018



- 1.4 40350 (10/POC-006295)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as previsións respecto da atención das demandas do cadro de persoal da CRTVG
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 387, do 22.11.2018
- 1.5 40361 (10/POC-006298)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 3 máis
Sobre as causas da suspensión da programación habitual da TVG na mañá do 15 de novembro de 2018, as razóns da demora no arranxo do problema e as existentes para non usar as unidades móbiles co fin de continuar a emisión, así como as actuacións previstas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 387, do 22.11.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2018

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 26/11/2018 11:28:00